



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

---

**METEOGALICIA**


# **INFORME DO EPISODIO DE CALOR DOS DÍAS 6, 7 E 8 DE ABRIL DE 2011**



## 1 SITUACIÓN METEOROLÓXICA ENTRE OS DÍAS 5 E 8 DE ABRIL

Galicia estivo durante estas últimas xornadas entre un centro de altas presións estacionario ao norte da península Ibérica e unha borrasca situada entre Azores e Islandia. Entre estes centros de acción formouse un corredor perfecto para a chegada dunha masa de aire cálida e seca procedente do norte de África, tal como se pode apreciar na figura 1 correspondente á presión superficial do día 7, ás 14 horas.

wrf\_arw - PNMM e Xeop 500hPa 2011-04-07 12:00Z




MeteoGalicia - Consellería de Medio Ambiente - Xunta de Galicia

Figura 1: Mapa de presión superficial do día 7 as 14 horas.

A masa de aire pódese apreciar na figura 2 onde se ven as temperaturas a 850 hPa (1500 metros aprox.) na madrugada do pasado día 7 de abril. Na figura 3 vese a entrada de po dende o norte de África, cruzando a Península de sueste a noroeste.



Init : Thu,07APR2011 00Z Valid: Thu,07APR2011 00Z  
850 hPa Geopot. (gpm) und Temperatur (Grad C)



Daten: GFS-Modell des amerikanischen Wetterdienstes  
(C) Wetterzentrale  
www.wetterzentrale.de

Figura 2: Mapa de xeopotencial e temperatura a 850hPa da madrugada do día 7 de abril.




Figura 3: Imaxe do canle visible do Meteosat do 07-04-2011 ás 14:30 (UTC).



## 2 DATOS REXISTRADOS ENTRE OS DÍAS 5 E 8 DE ABRIL

A continuación preséntase dúas táboas, na primeira compáranse cos datos de temperatura mínima máis alta da serie histórica, as mínimas rexistradas no período de estudo. Na segunda táboa compáranse as máximas absolutas históricas cos valores de temperatura máxima rexistrados. Os datos se corresponden as principais cidades de Galicia.

Os valores climáticos obtivéronse a partir das estacións de Vigo Peinador, Coruña estación completa, Santiago Astronómico (comeza en 1982), Lugo Colexio Fingoi e Ourense\_Granxa Deputación que pertencen á AEMET. Para Pontevedra úsase a estación de Lourizán pertencente a MeteoGalicia.

Os datos rexistrados nestes días de abril preséntanse nas estacións Vigo-Campus, Coruña Cidade, Santiago-EOAS, Lourizán, Campus Lugo e Ourense Ciencias. Todas estas estacións pertencen á rede de observación meteorolóxica de MeteoGalicia.

Temperaturas mínimas rexistradas do 6 ó 8 de Abril de 2011				
Zona	T mínima máxima histórica (°C)	6 de abril	7 de abril	8 de abril
Vigo	15.0 (30/04/1997)	<b>20.8</b>	20.0	20.6
Coruña	16.2 (16/04/1987)	15.1	<b>18.0</b>	16.6
Santiago	13.8 (28/04/1997)	13.9	<b>15.8</b>	14.9
Pontevedra	14.7 (28/04/1997)	14.2	14.1	13.3
Lugo	15.0 (03/04/1985)	5.7	8.1	8.5
Ourense	14.8 (13/04/1988)	10.1	12.3	12.2

Táboa 1: Temperaturas mínimas rexistradas no período do 6 ó 8 de Abril de 2011

Temperaturas máximas rexistradas do 6 ó 8 de Abril de 2011				
Zona	T máxima absoluta histórica (°C)	6 de abril	7 de abril	8 de abril
Vigo	29.6 (29/04/1958)	28.8	27.2	27.0
Coruña	29.6 (20/04/1945)	27.8	28.3	<b>31.9</b>
Santiago	30.8 (11/04/1995)	30.1	30.3	28.4
Pontevedra	30.4 (30/04/1997)	<b>30.7</b>	30.1	27.0
Lugo	30.5 (26/04/2010)	29.1	31.2	<b>31.6</b>
Ourense	32.8 (29/04/1994)	32.7	33.3	<b>33.7</b>

Táboa 2: Temperaturas máximas rexistradas no período do 6 ó 8 de Abril de 2011



Nos datos de temperatura mínima da rede de estacións meteorolóxicas automáticas de MeteoGalicia, non se atopa ningún rexistro (dos meses de abril) anterior ó abril 2011 no que a temperatura mínima sexa superior os 20 °C. Nalgúns lugares de Galicia neste mes de abril superouse dito limar: 24.5 °C en Pta Candieira (8 de abril), 24 °C en Sanxenxo, Cedeira (6 de abril), 21.4°C en Castrove, Poio (8 de abril) ou 22,2 °C en Lira, Carnota (6 de abril). As estacións desta rede teñen unha lonxitude que oscila entre 1 e 10 anos.

### 3 MAPAS DE TEMPERATURAS

Na figura 4 móstrase o mapa de temperaturas mínimas correspondentes ao día 7.




Figura 4: Mapa de temperaturas mínimas do día 7.

